

AUDITORIO
DE GALICIA

RFG
1996
2016

TEMPORADA
2015 / 2016

23 OOUTUBRO

Venres
21:00 h

2015

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ, Director
JULIÁN HERNÁNDEZ, Chansonnier

C

ONvers@ndo con...

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ
JULIÁN HERNÁNDEZ

Sala Mozart · 20:15 h

I

THEA MUSGRAVE (1928)

Night music
(estrea en España)

GEORGE ANTHEIL (1900-1959)

Serenade II
Moderately fast
Slow
Quite fast

II

HEINZ KARL GRUBER (1943)

Frankenstein!! pan-demonium para
chansonnier e orquestra

Julián Hernández, chansonnier

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades aportan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Christoph König o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler, *axuda de concertino*
Anca Smeu**
Ilya Fisher
Ildikó Oltai
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora*
Nikolay Velikov**
Samira Ajkic
Enrique Roca
Elina Viksne
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Irina Gruia

VIOLAS

Tilman Kircher*

Natalia Madison**
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev*
Barbara Switalska**
Carlos García
Ailsa Lewin
Millán Abeledo
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez*
Alfonso Morán**
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau*
Luis Soto**

ÓBOES

Christina Dominik*
Esther Viúdez**

CLARINETES

Beatriz López*
Vicente López**

FAGOTES

Juan Carlos Otero*
Manuel Veiga**

TROMPAS

Jordi Ortega*
Alfredo Varela*
Xavier Ramón**

TROMPETAS

Javier Simó*
Ramón Llátser**

TROMBÓN

Esteban Méndez (R)

TUBA

José Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus*

PERCUSIÓN

Pablo Salgueiro (R)
M^a Isabel Diego (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO/CELESTA

Simona Kantcheva (R)

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

Director

Naceu en Escarabote, no concello coruñés de Boiro. Traballa regularmente con orquestras en España, Inglaterra, Francia e Polonia. Os seus compromisos máis recentes inclúen programas sinfónicos coa Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquesta de Extremadura, Orquestra Académica e Coro de Bydgoszcz (Polonia) e a Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia; e nos vindeiros meses dirixirá as orquestras Filarmónica de Málaga, Principado de Asturias e Castilla y León. No campo operístico debutou no Teatro Real (Madrid) en xaneiro de 2015 coa produción *Hansel e Gretel* de E. Humperdinck. Dirixiu a estrea mundial de *It makes no difference...*, ópera de cámara do compositor italiano Simone Spagnolo, no festival Tête á Tête en Londres; e *Carmen* de G. Bizet na Opera Baltycka de Gdansk (Polonia); así como a produción do Centro Dramático Galego *A Ópera dos tres Reás*, con dirección escénica de Quico Cadaval e protagonizada por Luís Tosar, xunto con producións de *El Barbero de Sevilla* e *Rigoletto* no Teatro Victoria Eugenia e no Kursaal de San Sebastián. Traballou como director asistente no Teatro Real de Madrid nas producións da temporada 2010-2011 *Król Roger* de K. Szymanowsky e *The turn of the Screw* de B. Britten. En Francia colaborou como director asistente no Théâtre de Caen en *La Traviata* de G. Verdi e na Opera Nantes-Angers en *Le Nez* de D. Schostakovitch. É o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo, ensemble co que desenvolve unha intensa actividade a favor da música contemporánea e en colaboración con outras disciplinas artísticas. Despois de obter o Máster de Artes en Dirección na Escola de Música de Zúric, proseguíu os seus estudos con Diego Masson en Inglaterra, onde en 2010 foi seleccionado para participar no programa para xoves directores da London Sinfonietta Academy.

JULIÁN HERNÁNDEZ

Chansonnier

Aínda que nacido en Madrid en 1960, pasou a súa infancia en Vigo, onde comeza a súa relación co rock and roll e se relaciona con poetas do movemento *Rompente*, así como con outros intelectuais da época. Formou parte dos grupos *Coco y los del Mil Quinientos* e *Mari Cruz Soriano y los que afinan su piano*. En 1981 inicia a súa actividade como membro fundador de Siniestro Total, grupo no que inicialmente tocaba a batería; posteriormente pasou a tocar a guitarra, teclados, harmónica e será a voz solista manténdose á fronte da banda ata hoxe. Durante este tempo, gravan 18 discos oficiais, entre os que destacan *¿Cuándo se come aquí?*, *Ante todo mucha calma*, *Made in Japan* ou o recente *Country & Western*. Tamén foi integrante de formacións como *Def con Dos* e *Transportes Hernández y Sanjurjo*, no que se achega a un estilo máis próximo ao folk e ao blues acústico. Creou o selo discográfico “Discos de Freno”, formou parte de proxectos cinematográficos con Antonio Blanco, Ricardo Llovo, Marco Aurelio Beviá e Antonio Díaz. Xunto a Manuel M. Romón participou no V Festival Internacional de Spoken Word Palabra e Música no Teatro Lope de Vega de Sevilla co espectáculo audiovisual *Arte efímera* e tamén puxo en escena o recital *Ópera Aperta (en parte) Volume 1* na Fundación Luís Seoane, representando no Auditorio Municipal Praza do Rei de Vigo a segunda parte do recital titulado *Ópera Aperta (en parte) Volume 2*. Ademais foi invitado no ciclo Os seráns do Taller Atlántico Contemporáneo, no que se combinaba música contemporánea, humor e cociña. Ten composto e interpretado música para televisión, teatro e cine. Escribiu os libros *¿Hay vida inteligente en el rock and roll?* (1999) e *Sustancia negra* (2015). Colabora habitualmente con diversos medios de comunicación como Faro de Vigo, El País, 20 Minutos, El Mundo, GQ ou Rolling Stone, entre outros.

Thea Musgrave (1928)

Night music

A escocesa Thea Musgrave é unha das compositoras contemporáneas máis recoñecidas debido a súa rica e poderosa linguaxe e o seu forte sentido dramático. Coñecida pola claridade da súa inventiva, a habilidade das súas orquestracións e o poder da súa comunicación musical, Musgrave explora constantemente novas formas de proxectar situacións esencialmente dramáticas na súa música. Con frecuencia altera e amplía os límites convencionais da execución instrumental para impactar musical e dramaticamente, tanto nas súas obras sen contido programático (concertos para clarinete, trompa ou viola) como en obras con específicas ideas programáticas como en *The Seasons*, *Turbulent Landscapes* ou *Night Music*, onde desenvolve o mundo dos soños.

Night Music foi un encargo da BBC para ser estreada en 1969 pola súa orquestra en Gales e hoxe é interpretada por primeira vez en España. Na obra, as dúas trompas son protagonistas e desenvolven unha dramática interpretación na que contrastan as diferentes ideas musicais dependendo da súa localización a respecto da orquestra: máis lírica cando están sentados xuntos e máis trágica cando se sitúan aos lados do director a unha certa distancia un do outro. Cando se achega o final, os contrastes musicais acentúanse máis polos efectos de eco producidos por unha trompa situada fóra do escenario. Do mesmo xeito que nos soños, os estados de ánimo cambian rapidamente (asustado, misterioso, tranquilo, romántico, axitado) polo que na obra as diferentes seccións musicais varían constantemente e mesmo en certos momentos se superpoñen. Escrita nun movemento continuo, as diferentes partes representan os devanditos estados de ánimo e, así, o *Andante* simboliza o namoramento; o *Piu mosso*, o apaixonamento; o *Appassionato*, a calma e o *Minaccevole*, a intimidación.

Georg Antheil (1900-1959)

Serenade II

Pianista superdotado de carácter entusiasta, prolífico compositor, magnífico escritor e inventor (creou en 1942 xunto á actriz Hedy Lamarr un sistema de comunicacións para torpedos teledirixidos para a mariña americana), George Antheil foi unha das personalidades máis díscolas e sedutoras dos “felices anos vinte”. En 1922 viaxou a Berlín e París onde se incorporou á axitada vangarda artística do momento xunto a T. S. Eliot, Hemingway, Cocteau, ou Varèse, Picabia, entre outros, alcanzado fama de *enfant terrible* dos ambientes parisienses. Na década dos vinte escribiu as súas obras máis excéntricas

e disonantes inspiradas, segundo el mesmo, na “música no futuro” que, sendo adolescente, escoitou unha noite en soños. Tras o fracaso da estrea neiorquina do seu mítico *Ballet mécanique* o 10 de abril de 1927, a finais dos anos 30 precipitouse o ocaso case definitivo de Antheil, que acabou a súa carreira traballando na industria cinematográfica hollywoodiense para subsistir e facendo seu un estilo neoclásico de forte influencia rusa. Con todo, *Serenade II* (1948) é unha obra o suficientemente importante en forma e concepto como para incluíla no ciclo sinfónico. O seu longo primeiro movemento entoa un tema premonitorio marcado pola gravidade e o alcance revelador dunha importante declaración. Co seu movemento lento e sombrío final, un frenético *rondó*, descóbrese unha ‘serenata’ que case non fai xustiza a esta obra inusualmente grave e ambiciosa.

HK Gruber (1943)

Frankenstein!!

Frankenstein!! subtítulo “un pan-Demonium para Chansonnier barítono e orquestra”, é unha obra composta polo compositor, director e chansonnier vienés HK Gruber quen estudou na Hochschule für Musik de Viena e foi membro dos Nenos Cantores desa cidade. Comezou tocando o contrabaixo no Ensemble Die Reihe e na Orquestra Sinfónica da Radio de Viena e foi cantante/actor co MOB Art and Tone ART, un grupo que fundou cos compositores Kurt Schwertsik e Otto Zykan en 1968. Foi galardoado con numerosos recoñecementos como o Gran Premio de Austria e nomeado Membro honorífico do Konzerthaus de Viena.

Gruber foi o chansonnier máis importante en *Frankenstein!!*, un papel narrativo que consiste en cantar, falar, rumorear e mesmo gritar confluindo estilos variados como o cabaré, a ópera ou o teatro musical. A obra é unha peza de teatro musical, enxeñosa, entretida, intelixente e irónica baseada nas rimas infantís do poeta vienés HC Artmann. O compositor atravesas as barreiras de diferentes xéneros no ronsel dos heroes de cómic e iconas cinematográficas facendo referencia a personaxes como Frankenstein ou Drácula relacionándose con James Bond e Goldfinger, Superman ou Batman en situacións que van do macabro ao humorístico. O autor crea unha peza que require instrumentos de xoguete como manguera de plástico, bucina de automóbil, clarinetes, saxofóns, trompetas etc. Estruturada en 19 partes independentes, interpretadas de forma continuada a modo de suite, combina linguaxes musicais como a bossa nova, o jazz, o pop ou o folk e que, mesturados con Kurt Weill ou Hans Eisler fusiónanse con Stravinski ou o neoclasicismo. Este surrealista e sorprendente traballo capta toda a enerxía dunha época cultural e permite repasar a historia do século XX.

PRÓXIMOS CONCERTOS

24
OUTUBRO

DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI, A TÚA!
Sábado, 18:30 h
HK Gruber | Frankenstein!!

Xoves, 29 de outubro, 21:00 h

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

ARTURO TAMAYO Director

A. Webern/ E. X. Macías/ A. Schonberg

Venres, 6 de novembro, 21:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

CLEMENS SCHULDT Director

VARVARA Piano

S. Prokofiev/ W. A. Mozart/ J. Haydn

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

Tel. 981 57 10 26 / 981 57 39 79


OFICINAS

Tel. 981 55 22 90 / 981 57 41 52


info@auditoriodegalicia.org

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.org

 RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural

 @rfgalicia
@CCultura



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**Deputación
DA CORUÑA**



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO



AUDITORIO DE GALICIA
Baixo o mecenado de TELEVÉS